



Galicia

LOITA polo TEU

# ÚNETE

## PAROS EN TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DE GALICIA COMO MOSTRA DE REPULSA POLOS ATENTADOS DE PARÍS

**Redacción.-** Os traballadores galegos amosaron a súa repulsa e consternación polos atentados de París con concentracións, convocadas por UGT e CCOO, de cinco minutos ás portas dos centros de traballo este luns ás 12.00 horas.

Xa o sábado, UGT-Galicia e o SN de CCOO de Galicia emitiron un comunicado no que mostraron a súa consternación polos atentados de París e trasladaron a súa solidariedade na súa dor aos familiares das vítimas.

As cifras falan por si soas: máis de 140 persoas asasinadas e 180 feridos en varios distritos de París pola acción coordinada e planificada do terrorismo yihadista que volveu a causar dor e morte contra o pobo francés. “Non estamos ante unha acción illada; estamos ante un ataque á democracia e aos dereitos humanos do Estado de dereito, en Francia e no resto do mundo; por iso, tras expresar a nosa dor e solidariedade coas vítimas e as súas familias, corresponde á política e á democracia organizar unha gran manifestación en defensa da paz, a liberdade e a seguridade”.

Neste sentido, CCOO e UGT decidiron convocar un paro de 5 minutos e concentracións de silencio, o luns 16 de novembro, ás 12 horas, en todos os centros de traballo.

Doutra banda, UGT e CCOO pediron á Unión Europea que salga da súa pasividade e active un plan de loita coordinada contra o terrorismo, poña ao servizo das autoridades democráticas francesas todos os recursos da Unión e esixa a plena cohesión dos estados democráticos membros para responder o



terrorismo yihadista.

Tanto CCOO como UGT remitiron no seu momento ao goberno e aos

sindicatos galos a súa dor e solidariedade polo sucedido, dor e solidariedade que han de trasladar ás familias das vítimas.

# UGT-GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN NAS CONCENTRACIÓNS CONVOCADAS PARA CONMEMORAR O 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

**Redacción.-** UGT-Galicia fai un chamamento á cidadanía a participar nas concentracións convocadas en varias cidades e vilas galegas (A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) para conmemorar a data do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, e como mostra de solidariedade coas vítimas.

Dende o Sindicato quérese lembrar que a violencia contra a muller non cesa, unha terrible realidade que sofren a cotío moitas mulleres nas súas vidas e que este ano xa provocou a morte de 48 mulleres, seis delas en Galicia, 6 nenos e nenas, dous deles tamén en Galicia.

UGT fai un chamamento sobre a insupportable extensión da violencia, do todas as violencias machistas, a que sofren as mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, o acosos sexual e por razón de sexo no traballo, a intimidación na rúa, o acoso na internet, a violencia de control das mozas e as terribles consecuencias que estes ataques carrexan na saúde, integridade, a dignidade e a vida laboral das mulleres.

Unha violencia que non queda reducida a unha cultura, idade, clase social, relixión ou país. As raíces da violencia contra as mulleres teñen carácter estrutural e é produto da desigual relación de poder entre mulleres e homes.

Dende o Sindicato tamén se fai un chamamento ás administracións competentes, xa que en España o Goberno do PP durante a súa lexislatura recortou un 17 por cento a partida orzamentaria destinada á prevención da violencia de xénero e un 43 por cento a destinada a políticas de igualdade entre mulleres e homes. Recursos insuficientes para unha eficaz aplicación da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

En Galicia, o PP que Goberna a Xunta aproba cada ano uns orzamentos que amo-

san a súa insignificancia para por en marcha programas específicos de prevención da violencia ou mesmo para protexer ás mulleres vítimas.

No eido laboral, UGT denuncia que o número de contratos bonificados realizados a mulleres vítimas de violencia de xénero é case insignificante, apenas 262 en Galicia dende o ano 2003. Por outra banda, o número de mulleres que se acolleron aos dereitos recoñecidos pola Lei de violencia segue sendo testemuñal.

Por todo isto, UGT esixe intensificar a sensibilización contra a discriminación e a violencia de xénero; introducir na negociación colectiva garantías de protección laboral para as vítimas da violencia de xénero; garantir que as situacións derivadas da violencia de xénero, como ausencias ou baixas médicas, non supoñan diminución económica para as traballadoras; negociar protocolos de actuación e medidas de protección específicas dos dereitos laborais para as afectadas que non denunciaren ao seu agresor; implementar mecanismos para eliminar, previr, sancionar e protexer ás traballadoras das situacións de acoso sexual e do acoso por razón de sexo na esfera laboral; derogación da reforma laboral; mellora da protección

social ás mulleres que sofren violencia de xénero con redución de xornada en relación co acceso á protección por desemprego; que a acoso sexual e o acoso por razón de sexo sexan abordados na normativa sobre prevención de riscos laborais, ao mesmo tempo que deben ter o mesmo tratamento como delito no Código Penal; e establecer canles de comunicación entre as administracións públicas e os interlocutores sociais que permitan mellora a difusión de medidas, dereitos e servizos dirixidos ás vítimas de violencia de xénero.



## CONCENTRACIÓNS 25 DE NOVEMBRO 2015

### Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres

LOCALIDADE	HORA	LUGAR
A CORUÑA	12:00	Delegación do Goberno (praza de Ourense)
SANTIAGO	12:00	Sede sindical en Santiago (San Lázaro)
FERROL	12:00	Edificio Admtvo. Xunta de Galicia (praza de España)
LUGO	12:00	Subdelegación do Goberno (praza Armañá)
OURENSE	12:00	Subdelegación do Goberno
PONTEVEDRA	12:00	Subdelegación do Goberno
VIGO	12:00	Edificio Admtvo. Xunta de Galicia

**É DE LEI**

**2** prestación de ingresos mínimos para **MILLONS DE PERSONAS INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**

Leva a túa sinatura ao Congreso

**eu asino!**

rescatar ás persoas combater a desigualdade

# O DIÁLOGO DEBE ESTAR NO CENTRO DE TODAS AS POLÍTICAS

*UGT, CCOO, CEOE e CEPYME reúnen con Ciudadanos*

**Redacción.-** Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Cándido Méndez e Ignacio Fernández Toxo, e os presidentes de CEOE e Cepyme, Joan Rosell e Antonio Garamendi, reuníronse o pasado mércores co Presidente de Ciudadanos, Albert Rivera, nun encontro “cordial que queríamos manter desde hai un tempo”.

Unha reunión “clarificadora e positiva, que serviu para coñecer de primeira man a súa visión e posición ante a situación económica e social actual”, como sinalou Cándido Méndez.

Un encontro no que houbo “unha serie de coincidencias de carácter xeral, como en relación ao recoñecemento do papel das organizacións sindicais e empresariais, xa que el fixo unha declaración inequívoca a favor das organizacións sindicais. Mesmo manifestou que no presente e cara ao futuro en España as organizacións sindicais seguimos formando parte da solución e en ningún caso somos un problema”.

Outras coincidencias tamén se deron “na necesidade de cambiar o modelo produtivo do noso país, sabendo que estamos nun marco da Unión Europea e da globalización da economía. Mostrou interese e preocupación en todo o relacionado co aumento da precariedade e, aínda que non o mencionou expresamente, creo que tamén coincide coa nosa preocupación polo aumento da desigualdade e da pobreza. Ademais, fixo fincapé nos problemas da conciliación laboral e familiar, no que coincidimos”.

Por todo iso, mostrouse a “vontade de proseguir no intercambio de opinións coas organizacións sindicais, porque pensan que formamos parte da solución e non do problema”.

En relación ás posibles discrepancias, Cándido Méndez fixo alusión ao contrato único. “Crin que estaba na obriga de mencionarlle esta cuestión. Partimos dunha verdade estatística inexorable, que en España hai máis de 11 millóns de traballadores con contrato indefinido. Por tanto, non hai un contrato único que valga. Para nós é moito máis importante recuperar o principio de causalidade na contratación (que un contrato temporal obedeza a unha actividade temporal e que un contrato fixo obedeza a unha actividade fixa) que falar dunha “ocorrenza” no marco laboral”.

“A partir de que apostou porque calquera cambio no mercado laboral tense que producir no marco do Diálogo Social,



creo que as nosas reflexións puideron facer mella no que pode ser esta formulación”, considerou.

En canto ao sistema de Formación Profesional, en relación ao cal Rivera sinalou que “os sindicatos e empresarios téñense que abrir á competencia”, Cándido Méndez manifestou que o sistema “xa está aberto á competencia. É máis, no sistema actual, e nós estamos de acordo con iso, os interlocutores sociais non participan na xestión directa. No que queremos participar, e el creo que está de acordo, é na planificación xeral das políticas formativas, por unha razón moi sinxela, porque son as organizacións sindicais e patronais as que coñecen de primeira man as necesidades formativas dos traballadores”.

Por iso, afirmou que “a xestión xa está descartada, está aberta á libre concorrencia. E en canto á participación na planificación, no deseño xeral, na identificación das actividades nas que se debe facer fincapé para ese cambio de modelo produtivo creo que temos coincidencias”.

## Reunión con Podemos

Os secretarios xerais de UGT e CCOO reuníronse este luns co líder de Podemos, Pablo Iglesias, con motivo da rolda de contactos cos partidos políticos para presentar as propostas sindicais para as eleccións xerais do 20-D.

Unha reunión na que, segundo Cándido Méndez, houbo “un bo número de coincidencias entre as dúas posicións. Atopamos algunhas preocupacións comúns, como a necesidade de que elementos como o terrorismo ou a independencia de Cataluña acaben diluíndo o debate sobre as políticas sociais, económicas e laborais tan necesarias no noso país para a seguinte lexislatura”.

“Coincidimos en cambiar o modelo produtivo, na necesidade de achegar unha maior estabilidade no emprego, mellores salarios e un aumento da innovación nas empresas. Tamén é necesario un chan de gasto social que preserve os dereitos sociais e os servizos públicos fundamentais”, sinalou.

Ademais, manifestou que “coincidimos tamén noutros aspectos importantes como a necesidade de derrogar o artigo 315.3 do Código penal do noso país, do que pende a vida de 300 sindicalistas do noso país ao criminalizar o dereito de folga e a liberdade sindical”.

Cándido Méndez iniciou a súa comparecencia mostrando a “dor e amor das organizacións sindicais co pobo francés e a identificación dos valores da República francesa nestes días tan terribles”.

“Sería moi triste que o temor que hai en Europa e a defensa da seguridade entre os cidadáns comunitarios o pagasen aqueles que están atemorizados polos mesmos asasinados e que veñen buscar refuxio aos nosos países”.

Por iso, demandou ao Goberno que “incorpore ao pacto yihadista unha gran manifestación cívica en defensa da paz, a liberdade e a seguridade. É necesario que se exprese a posición inequívoca de solidariedade e loita contra o terrorismo do pobo español e, nese sentido, é moi importante esa manifestación”.

“O Goberno debería ser o que liderase esa iniciativa, xa que forma parte das obrigacións democráticas do goberno do noso país, xunto con outras medidas políticas ou de seguridade. Ademais, é moi importante coordinarse coas iniciativas que se adopten en Francia, como é o caso da prórroga do Estado de Emerxencia que se efectuou”.

## ÚNETE Á LOITA CONTRA A ESCRAVITUDE MODERNA



**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores únese á campaña da Organización Internacional do Traballo (OIT) “50 for freedom: Unete á loita contra a escravitude moderna”, que mediante a recollida de firmas de apoio a través da páxina web, pretende impulsar a ratificación do Protocolo de 2014 ao Convenio de Traballo Forzoso por polo menos 50 estados membros.

Como a maioría dos Convenios da OIT, o Protocolo ten a forza normativa dun Convenio e unicamente entrará en vigor para os países que o

ratificaran un ano despois de que polo menos dous estados membros depositasen os instrumentos de ratificación.

Ata este momento, incomprensiblemente, só foi ratificado por Nixer e, no caso da Unión Europea, aínda está pendente que o Consello autorice a ratificación aos estados membros, algo que mostra unha falta de interese especialmente indignante ao provenir dos países máis desenvolvidos.

Esta campaña, e a que xa puxo

en marcha a Confederación Sindical Internacional (CSI), son complementarias e teñen o mesmo obxectivo: chamar a atención sobre a realidade da explotación laboral e a necesidade de adoptar medidas contra ela e protexer ás súas vítimas.

Por iso, UGT anima a participar nesta campaña, entrar na páxina da campaña, asinar (nun dos apartados podeades ver cantas persoas sumáronse á campaña en cada país) e compartir esta iniciativa para que alcance a maior difusión.

## UGT GAÑA VARIAS SENTENZAS QUE RECOÑECEN O PAGO DOS ATRASOS DE 2011 E 2012, POR ENCIMA DO 5%, NO SECTOR DA LIMPEZA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

**Redacción.-** O Xulgado do Social número 1 de Vigo vén de estimar unha demanda interposta pola Federación de Servizos (FES-Vigo) na que se reclamaba o cobro dos atrasos dos anos 2011 e 2012, por un importe superior ao 5%, atendendo ao que no seu momento o Tribunal Supremo xa recoñecera nunha sentenza do 8 de maio de 2015.

Neste momento o Tribunal Supremo, como xa fixera antes o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, insiste en que, ante a ausencia dun acordo de convenio colectivo entre a patronal e os sindicatos para os traballadores do sector da limpeza da provincia de Pontevedra, despois de iniciarse xa as negociacións no ano 2011 e tras interpoñer a parte social un conflito colectivo, procede pagar os atrasos de 2011 e 2012 segundo o IPC de cada un destes

anos, un 2,4% no primeiro e un 2,9% no segundo.

### Patronal, CIG e CCOO firman un acordo contrario á sentenza do TS e que priva aos traballadores dos atrasos dos anos 2011 e 2012

Con nocturnidade e aleivosía, 19 días despois de que se faga pública a sentenza do TS, a patronal do sector, a CIG e CCOO asinan un acordo no que se fixa un incremento salarial para o 2011 dun 0%, un 0% tamén no 2012, outro 0% no 2013, un 1,5% para o 2014, un 3,8% para o 2015 e unha paga de 30 euros, esa mesma paga para o 2016 e un 0,5% para o 2017.

En todo momento UGT insiste en que xa existen dúas sentenzas, do TSXG e do



TS, nas que se ratifica que o incremento para o 2011 e 2012 será do 2,4 e 2,9, respectivamente, polo que haberá que pagar os atrasos correspondentes. Por iso, o sindicato inicia unha serie de demandas ante os xulgados que están a saír favorables todas para os traballadores da limpeza da provincia de Pontevedra e obríganlles ás patronais a pagar os atrasos correspondentes.

## MILES DE PERSOAS SAEN Á RÚA EN PONTEVEDRA CONTRA A “MARXINACIÓN SANITARIA”

**Redacción.-** Pontevedra volveu saír á rúa en defensa da sanidade pública e para esixir, esta vez, a ampliación urxente do hospital Montecelo. A manifestación, a primeira que se celebraba na cidade desde o 27 de marzo do 2014, partiu ás 20.25 horas desde a contorna do Hospital Provincial.

Unha pancarta coa lenda «A sanidade pública non se vende, deféndese» encabezaba a protesta, na que participaron máis de catro mil persoas. Tras un percorrido polo centro urbano, a marcha concluíu na praza de España. A cola chegou a esa zona ás 21 horas. Polo camiño coreáronse consignas como «Non, non, non a Monte Carrasco» e «Ampliación de Montecelo, xa, xa, xa». Entre os asistentes deixáronse ver os paraguas vermellos da marea branca en defensa da sanidade.

No comunicado reivindicativo que se leu nunha praza de España case chea, aludíuse aos «problemas e deficiencias» que ten a atención hospitalaria na capital

pola «persistencia» dun complexo «fragmentado en dous edificios separados por quilómetros de distancia que xera serios problemas de funcionalidade».

A plataforma convocante, SOS Sanidade Pública, integrada por sindicatos, partidos políticos, organizacións profesionais e asociacións de veciños, reclamou á Xunta que acabe coa «marxinación sanitaria» de Pontevedra. Instou ao goberno de Núñez Feijoo a abandonar de forma definitiva «o proxecto privatizador de Monte Carrasco» e a optar pola ampliación de Montecelo para que a área sanitaria dispoña de «un hospital único e de xestión pública».

As carencias do Hospital Provincial tamén estiveron presentes. Entre outras, citaron: deficiente illamento térmico, malos



cheiros por deficiencias nos sumidoiros, deterioro e suciedade, ausencia de uci e inexistencia de aparcamento, algo que, sosteñen, dificulta o acceso de enfermos e familiares.

Para SOS Sanidade, a ampliación de Montecelo tería un custo que rolda os 150 millóns de euros, «se temos en conta que se orzamentou en 99 millóns non 2009». Suscitou que o Provincial destínese a outros usos sanitarios, pero non hospitalarios, e instou á cidadanía a que non abandone a mobilización en defensa desas dúas reivindicacións para a área sanitaria norte. E evitar así que siga «perdendo peso».

## Os vixiantes do Avelino Montero retoman as protestas por máis impagos

**Redacción.-** Os traballadores da empresa de seguridade “Compañía de protección y vigilancia galaica S.A.” reactivaron este mércores as mobilizacións que están levando a cabo entre outras cuestións para reclamar o pago dos salarios que lles adeudan. Esta empresa é a encargada da seguridade de instalacións como o centro de menores Avelino Montero ou algún supermercado na cidadé do Lérez. No caso do Avelino Montero o agravante é que a situación poida continuar ata que acabe a concesión que a empresa mantén coa Xunta.



## Nova concentración para reclamar o indulto para Carlos e Serafín

**Redacción.-** Este xoves, os sindicatos UGT, CCOO e CIG convocaron en Vigo unha nova concentración para reclamar o indulto para Carlos e Serafín que levan dende finais do ano 2013 agardando pola medida de gracia.

## UGT gaña as eleccións para persoal funcionario no Concello de Sada

**Redacción.-** FSP-UGT gañas as eleccións sindicais para o persoal funcionario no Concello de Sada ao obter o 46% dos votos. O reparto dos delegados foi: 2 para UGT, 2 para CSIF e 1 para CCOO. É de destacar que nas anteriores eleccións sindicais UGT non tiña representación neste Concello.

Noraboa aos compañeiros de UGT polo traballo realizado e o agradecemento de todo o Sindicato para os traballadores polo seu masivo apoio á candidatura de UGT.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>